

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANUNCIO

Orde de execución por edificación en mal estado: incoación do procedemento. Notificacións infrutuosas.

Expediente 2024/I004/000012.

Por medio deste anuncio ponse en coñecemento que por Resolución da Alcaldía número 2384 do 21 de agosto de 2024 iniciouse o expediente 2024/I004/000012 de orde de execución polo mal estado dun edificio situado na rúa Sol, número 16, de Carballo (Referencia catastral 5344509NH2854N0001RY), incorporando toda a documentación que consta no expediente 2023/I002/000014 (caducado).

A dita resolución foi notificada aos propietarios do inmovible, de acordo co disposto no artigo 42 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, co resultado de ser infrutuosas as notificacións dos seguintes interesados:

HEREDEROS DE MARÍA LORENZO RODRÍGUEZ, representados por MARÍA JOSÉ SOUTO FACAL

O artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que “cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou ben, cando, intentada esta, non se puidese practicar, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no Boletín Oficial del Estado”.

En consecuencia e, segundo o exposto no parágrafo anterior, publícase este anuncio polas notificacións infrutuosas aos citados interesados no procedemento, comunicándolles que:

Primeiro: O texto íntegro da notificación xunto coa totalidade do expediente atópase a súa disposición na Oficina Técnica do concello de Carballo, situada na 1ª planta da Casa Consistorial, na Praza do Concello, onde poderán examinalo no prazo de 10 días, contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOE. Transcorrido o dito prazo, a notificación entenderase producida a todos os efectos legais.

Segundo: Non cabe recurso contra a incoación do expediente 2024/I004/000012 por ser un acto de trámite, sen prexuízo de que se poida exercitar outro recurso que estime pertinente.

En Carballo, 1 de outubro de 2024

O alcalde - Evencio Ferrero Rodríguez